



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral ante a PEREGRINACIÓN de BENEDICTO XVI

Queridos diocesanos:

Próxima xa a peregrinación do Papa Benedicto XVI á Tumba do Apóstolo Santiago o Maior, que terá lugar o día 6 de novembro, quero propovos levar a cabo unha preparación especial ao longo destes dous meses con diferentes iniciativas espirituais e pastorais. Ademais da formación nas catequeses e encontros pastorais, pídovos que na Catedral, en todas as parroquias e nas Casas relixiosas, se teña un día á semana un acto eucarístico e se rece o Rosario encomendando os froitos espirituais e pastorais desta Peregrinación. Rógovos que se celebren segundo as posibilidades da Liturxia Santas Misas polas intencións do Papa. Por outra banda e co ánimo de preparación espiritual, anímovos a xaxuar o día 5 de novembro, ofrecendo unha achega económica a Cáritas diocesana para que co recadado se poida axudar ás persoas máis necesitadas.

É a primeira vez que un Papa na historia dos Anos Santos Composteláns quixo vir expresamente para facerse peregrino cos numerosos peregrinos que están chegando para participar nas grazas xubilares. Sen dúbida é un acontecemento de graza e unha oportunidade histórica no peregrinar da nosa Arquidiocese para manifestar persoalmente a nosa comunión co Sucesor de Pedro e a nosa adhesión a el.

A peregrinación do Papa é un xesto que habemos de agradecerlle vivamente acompañándolle coa nosa oración e coa nosa presenza. Isto esíxenos ser fieis ao noso compromiso cristián, asumindo a nosa responsabilidade evanxelizadora e dando testemuño da nosa fe cunha integridade de vida na que ten que brillar o amor a Deus e aos demais.

É posible pensar que as condicións meteorolóxicas nese día non sexan as que nós desexariamos pero, en todo caso, isto non debe ser un obstáculo para non participar persoalmente neste acontecemento. Habemos de acompañar ao Papa desde o aeroporto ata a Catedral, percorrido no que todas as persoas que o desexen poderán verlle. Xa na Catedral, logo de rezar na Capela do Santísimo, sairá a saudar a quen se atopen na praza do Obradoiro e da Quintana. Momento cume da visita de Benedicto XVI a Santiago será a celebración da Eucaristía na praza do Obradoiro ás 16,30 horas.

Á Virxe Peregrina e ao Apóstolo Santiago confiamos a Peregrinación do Peregrino por excelencia neste ano Santo, a Súa Santidade Benedicto XVI. Esperando vervos o día 6 de novembro, saúdavos con afecto e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela